

CLAVES DE IDENTIFICACIÓN MACROSCÓPICA DE MACROMICETES COMÚNS EN GALICIA

[Estas claves están modificadas e ampliadas a partir da *Guía Macromicolóxica dos Ecosistemas Galegos* de M.Castro, A.Justo, P.Lorenzo e A.Soliño (2005), Edicións Baía, e da utilizada na aplicación informática para móbiles (android) *MICOKEI* de X.Bellón e M.Castro. A nomenclatura foi actualizada por INDEX FUNGORUM PARTNERSHIP (2018).

Non se trata dunha clave completa, só se indican ao redor de 400 taxons relativamente frecuentes no Noroeste Ibérico e/ou que poden ser identificados a simple vista, aínda así debido ao elevado número de especies coñecidas no territorio (superanse as 2.500) e ás moitas que faltan por ser observadas e estudadas, aconséllase que ao identificar unha especie se comprobe con algunha descrición completa (macro e microscópica) xa sexa procedente de guías, monografías, artigos, etc.].

CLAVE XERAL

1. Cogomelos con láminas: 2
Cogomelos sen láminas: 6
2. Carne februda, o pé esfiáñase facilmente: 3
Carne graúda, o pé rompe como se fose xiz: **CLAVE 1 (páx. 37)**
3. Láminas, nos exemplares que xa formaron esporas, de cor clara: 4
Láminas, nos exemplares maduros, de cor escura (parda tabaco, castaña, gris ou negra): 5
4. Láminas de cor branca, ocre clara ou violácea, aínda en exemplares maduros: **CLAVE 2 (páx. 39)**
Láminas de cor asalmoada, carne, rosada, amarela forte ou alaranxada na madurez, nalgún caso pode observarse un lixeiro po branco ou cincento: **CLAVE 3 (páx. 44)**
5. Exemplares maduros con láminas de cor parda, máis ou menos, tabaco, castaña ou enferruxada: **CLAVE 4 (páx. 46)**
Láminas de cor gris, negra ou parda moi escura: **CLAVE 5 (páx. 48)**
6. Himenio interno, só se libera cando maduran as esporas, que por veces aparecen no interior de pequenos peritecios incluídos no interior dun estroma: **CLAVE 6 (páx. 50)**
Himenio externo: 7
7. Himenio formado por tubos, rematados en poros, ou aguillóns: **CLAVE 7 (páx. 52)**
Himenio liso, con prego ou costelas: **CLAVE 8 (páx. 56)**

CLAVE 1. HIMENIO LAMINAR, CARNE GRAÚDA, SEMELLANTE AO XIZ

[xéneros con numerosas especies, difíciles de diferenciar macroscopicamente]

1. Botan leite (látex) ao romper o cogomelo, moitas das veces as láminas son decorrentes: 2
Non verten leite, as láminas son unidas ao pé ou escotadas (difíciles de diferenciar especies sen unha análise microscópica previa): 14
2. Látex branco, que co tempo pode mudar a amarelo sobre as láminas: 3
Látex doutra cor: 4
3. Látex ao primeiro branco, pero rapidamente pasa a amarelo en contacto co ar, chapeu máis ou menos zonado, liso: ***Lactarius chrysorrheus*** (non claramente zonado, baixo piñeiros, ***Lactarius hepaticus***).
Outras características: 5

4. Látex de cor cenoria ou alaranxada, pode oxidar a verde ou vermella: ***Lactarius deliciosus***
Látex de cor do viño tinto: ***Lactarius sanguifluus*** (látex alaranxado, pero en pouco tempo, cor viño, ***Lactarius semisanguifluus***)
5. Chapeu con tonalidades vermellas ou pardas vermellas, látex doce, ao principio lixeiramente acuoso, cheiro achicoria: ***Lactarius camphoratus*** (con látex branco ou opalescente e cores semellantes véxanse tamén outros *Lactarius*)
Látex diferente e cheiro non definido: 6
6. Chapeu coa marxe peluda, polo menos nos exemplares novos, preferentemente baixo bidueiros: 7
Chapeu diferente e noutro hábitat: 8
7. Chapeu esbrancuxado, crema ou rosado, lixeiramente zoadado, co látex branco, aínda que verdea colocado sobre un pano de papel: ***Lactarius pubescens***
Chapeu zonado, alaranxado, látex branco, cheiro forte, sabor amargo: ***Lactarius torminosus*** (= *L. necator* segundo certos autores antigos)
8. Chapeu branco, máis ou menos sucio, en forma de funil, coa marxe máis ou menos enrolada: 9
Outras características: 11
9. Cutícula aveludada, polo menos na marxe, picante ou non: ***Lactarius vellereus***
Cutícula lisa, sen pelos: 10
10. Láminas brancas ou lixeiramente amareladas, picante: ***Lactarius piperatus*** (se amarga ver ***Lactarius pergamenus***)
Láminas ocre ou rosadas, en xeral baixo choupos ou salgueiros: ***Lactarius controversus***
11. Chapeu de cor case negra ou verde oliva moi escuro, baixo bidueiros: ***Lactarius turpis***
Chapeu de cor tella, parda vermelliña ou pardo alaranxada: 12
12. Carpóforo pardo amarelado ou pardo alaranxado claro, en piñeirais: ***Lactarius aurantiacus***
Sombreiro de cor tella: 13
13. Sombreiro liso ou subliso, ás veces cun mamilo moi marcado: ***Lactarius subdulcis*** (véxanse tamén outros *Lactarius* de cores semellantes)
Sombreiro rugoso, leite moi branca e abundante: ***Lactifluus rugatus*** (= *Lactarius*)
14. Chapeu con tonalidades rosadas, vermellas, púrpuras ou violáceas: 21
Outras cores no chapeu: 15
15. Chapeu de cor verde, cuarteado, pé branco, sabor doce: ***Russula virescens***
Outras cores ou de cor verde, non cuarteado: 16
16. Cutícula lisa, de cor verde, máis ou menos homoxénea, marxe estriada: ***Russula heterophylla*** (marxe non estriada, ***Russula aeruginea***)
Chapeu con outro aspecto: 17
17. Forte cheiro a améndoas amargas e chapeu de cor ocre a parda rosada: ***Russula fragrans***
Cheiro diferente: 18
18. Chapeu ao primeiro branco, no fin negro: 19
Chapeu con tonalidades amarelas, preferentemente baixo bidueiros: ***Russula ochroleuca***
19. Carne negra ao entrar en contacto co ar: ***Russula albonigra*** (láminas moi densas, ***Russula anthracina***)

- Carne primeiro rosada e despois negra: 20
20. Láminas moi anchas e separadas: ***Russula nigricans***
Láminas apertadas: ***Russula densifolia*** (se picante/amarga, ***Russula acrifolia***)
21. Carne doce: 25
Carne picante: 22
22. Chapeu esbrancuxado, de cor rosa clara ou lila no centro, en xeral baixo bidueiros: ***Russula betularum*** (noutro hábitat ver diferentes especies)
Chapeu máis escuro, vermello, violáceo ou púrpura, en xeral baixo piñeiros: 23
23. Chapeu vermello intenso, láminas e pé brancos, carne moi picante: ***Russula emetica*** (se carpóforo grande e pé vermello, en piñeirais, ***Russula rhodopoda***)
Cores tirando a violácea ou púrpura, en piñeirais: 24
24. Carne, láminas e pé que se tinguen de vermello en contacto con amoníaco: ***Russula sardonia***
Sen reacción ao amoníaco: ***Russula torulosa***
25. Cor variable, sen mamelón, láminas flexibles e céreas (non rompen ao rozalas) e carne con sabor a abelá: ***Russula cyanoxantha***
Outras características, baixo coníferas: 26
26. Cun groso mamelón central, cutícula non viscosa: ***Russula caerulea***
Con mamelón pequeno ou sen el e cutícula viscosa: ***Russula turci***

CLAVE 2. HIMENIO LAMINAR, DE COR BRANCA, OCRE CLARA OU VIOLÁCEA

1. Sobre carpóforos vellos, en xeral do xénero *Russula*: ***Asterophora parasitica*** (sombreiro case fechado, ***Asterophora lycoperdoides***)
Outro hábitat: 2
2. Pé central: 10
Pé excéntrico, lateral ou sen el, en xeral sobre madeira: 3
3. Carpóforo sésil, con láminas divididas ao longo: ***Schizophyllum commune***
Láminas verdadeiras, non divididas ao longo: 4
4. Chapeu duro, como cortiza, superficie hirsuta e con bandas coloreadas concéntricas, sen pé: ***Lenzites betulinus***
Chapeu carnoso, glabro, con pé curto ou sésil: 5
5. Chapeu sésil ou subsésil, sobre ramas ou cepas: 6
Chapeu grande, de cor variable, co pé totalmente excéntrico ou sen el: 8
6. En xeral resupinado (himenio cara arriba), de pequeno tamaño (<1,5 cm), cor branca ou crema: ***Crepidotus variabilis*** (véxanse tamén outros *Crepidotus* e se gris con veludiño, ***Resupinatus applicatus***)
Non resupinado, de maior tamaño: 7
7. Carne branca sucia, cunha capa superior parda, xelatinosa, chapeu pardo gris, ás veces moi escuro, tomentoso: ***Hohenbuehelia atrocoerulea***
Carne moi elástica, chapeu de cor ocre claro ou gris, glabro ou con pequenas escamas fibrosas: ***Crepidotus mollis*** (se cores parduscas e carne moi picante, ***Panellus stipticus***)
8. Vive no solo, cutícula con tacto de cera, lixeiramente xelatinosa: ***Hohenbuehelia petalodes***
Vive sobre madeira cortada ou árbores vivas: 9
9. Chapeu branco agrisado, láminas anchas, cheiro afroitado: ***Pleurotus ostreatus***
Chapeu ao principio violeta, logo agrisado, láminas brancas rosadas, no fin crema e, en xeral, unidas entre si: ***Lentinus conchatus*** (= *Panus*)

10. Con volva, ás veces formada só por copos, máis ou menos densos: 11
 Sen volva, nen copos: 26
11. Pé con anel ben definido, incluso nos exemplares adultos: 12
 Pé sen anel nos exemplares desenvolvidos: 21
12. Carne tinguése de vermello escuro, como o viño tinto, en contacto co ar: ***Amanita rubescens*** (chapeu gris, ***Amanita excelsa var. valida*** e, amarelada con copos amarelos: ***Amanita franchetii*** (= *A. aspera* s.auct.)
 Carne inmutable: 13
13. Láminas e pé amarelos: ***Amanita caesarea***
 Láminas e pé brancos, aínda que poden estar manchados de amarelo: 14
14. Chapeu vermello ou alaranxado, con volva con copos, en xeral con numerosas pintas brancas: ***Amanita muscaria*** (amarela no chapeu e no anel, ***Amanita muscaria var. formosa***)
 Chapeu e volva doutra maneira: 15
15. Cheiro a pataca crúa ou de ravo e volva circuncisa: 16
 Outro cheiro: 17
16. Chapeu amarelo citrino ou branco: ***Amanita citrina***
 Chapeu de cor parda, máis ou menos violácea: ***Amanita porphyria***
17. Volva ancha en forma de saco e chapeu branco, ocre, amarelo ou verde: 18
 Outras características: 19
18. Chapeu branco, ás veces cun círculo ocre no centro, primaveral: ***Amanita verna***
 Chapeu doutra cor, con fibras inmersas na cutícula, excepto cando é branco: ***Amanita phalloides***
19. Bulbo radicante, volva en copos e escamas piramidais, de cor branca, nas dunas: ***Amanita gracilior*** (chapeu gris e pé grosu, ***Amanita excelsa var. spissa***)
 Outros caracteres: 20
20. Marxe estriada nos exemplares desenvolvidos, numerosos copos fortemente adheridos á cutícula, anel delgado: ***Amanita pantherina***
 Marxe non estriada, en xeral pé grosu, sen copos fortemente adheridos: ***Amanita excelsa*** (ás veces con grandes placas brancas e pé moi longo, ***Amanita gilbertii***)
21. Marxe fortemente estriada nos exemplares adultos, volva en forma de saco e porte, máis ou menos elegante: 22
 Marxe non estriada, volva variable e porte robusto: 24
22. Chapeu satinado, gris ou branco: ***Amanita vaginata*** (pé máis robusto e esporas elipsoides, ***Amanita mairei***)
 Doutra cor: 23
23. Chapeu pardo amarelo, con tonalidades oliváceas, baixo bidueiros: ***Amanita ceciliae***
 Chapeu de cor ocre alaranxada, ás veces cun ancho mamelón: ***Amanita crocea*** (chapeu máis pardusco, ***Amanita fulva***)
24. Carpóforo branco, de gran tamaño, normalmente coa marxe colgante polos restos do veo parcial, propia de terreos con pH básico: ***Amanita ovoidea***
 Outras características: 25
25. Chapeu de cor amarela, máis ou menos citrina, ou ocre, carne inmutable: ***Amanita gemmata***
 Chapeu de cor branca, ás veces con cores pardas rosadas o contacto, carne branca, ás veces con lixeiras tonalidades rosadas ou pardas claras: ***Amanita curtipes*** (= *A. valens*, se é moi densa e primaveral, ***Amanita ponderosa***)

26. Pé con anel: 27
Pé sen anel: 44
27. Vive sobre cepas, pólas, raíces, etc.: **Armillaria mellea** (se o pé é inchado e amarillo vivo na base, **Armillaria gallica** e se non amarillea, **Armillaria bulbosa**)
Vive na terra: 28
28. Anel móbil ao longo do pé, chapeu con moitas escamas pardas, pé groso e bulboso: 29
Anel fixo: 33
29. Chapeu cun gran parche en forma de estrela: **Macrolepiota excoriata** (cun groso mamelón, ben delimitado, **Macrolepiota mastoidea** e franxas transversais no pé, **Macrolepiota mastoidea var. konradii**)
Chapeu con escamas pardas individualizadas: 30
30. Pé con raias transversais pardas (cebrado): **Macrolepiota procera** (se ao rozala se tingue de vermello, **Macrolepiota permixta**)
Pé liso, lámias con tonalidades verdosas: 31
31. Escamas radiais, anel relativamente simple, ás veces varios carpóforos que nacen do mesmo bulbo: **Chlorophyllum venenatum** (= *Macrolepiota venenata*, se calota moi escura e individualizados, **Chlorophyllum rhacodes var. hortensis**)
Escamas concéntricas: 32
32. Anel dobre, con dobre coroa e bulbo non marxinado: **Chlorophyllum rhacodes** (= *Macrolepiota rhacodes*, ver tamén outras *Macrolepiota*)
Anel relativamente simple e bulbo marxinado: **Chlorophyllum brunneum**
33. Chapeu de cor amarela intensa, polo menos no centro: 34
Chapeu claro, branco sucio, crema ou amarelo, por veces con escamas: 35
34. Vive unicamente en tarros, invernadoiros, terras de cultivo: **Leucocoprinus birnbaumii**
En zonas areosas, dunas, carpóforo extremadamente fráxil: **Leucocoprinus castroi**
35. Sen escamas, de cor branca ou crema, vive en prados: **Leucoagaricus leucothites** (= *Lepiota pudica*)
Con escamas, máis ou menos visibles ou noutro hábitat: 36
36. Chapeu ata 14 cm, a cutícula tinguése de amarelo intensamente ao corte ou ao mollala, e finalmente vira a vermella: **Leucoagaricus americanus** (= *Leucocoprinus bresadolae*)
Cutícula non amarela en contacto coa auga: 37
37. Chapeu cun ancho mamelón central e numerosas escamas piramidais, agudas: **Echinoderma asperum** (= *Cystolepiota*)
Escamas non piramidais: 38
38. Cheiro característico, por unha parte moi doce e por outra a goma, calota moi escura sobre fondo branco, carne branca ou rosada: **Lepiota cristata** (ver tamén outras *Lepiota*)
Outro cheiro: 39
39. Pé lixeiramente bulboso, superficie escamoso-fibrilosa e base do pé dunha intensa cor alaranxada ao rozala ou coa idade, baixo caducifolias: **Lepiota ignivolvata**
Pé doutra maneira, non alaranxado na base: 40
40. En macetas, hortas ou invernadoiros, escamas e mamelón fortemente contrastados sobre a cor branca da cutícula: **Leucocoprinus brebissonii** (se amarelo, **Leucocoprinus birbaumii**).

- Outras características: 41
41. Carpóforo con tonalidades avermelladas, rosadas ou violáceas, especialmente na carne: 42
Carpóforo inmutable, non avermellado ou rosado, mamelón ancho: 43
42. Escamas distanciadas entre si, sobre fondo branco crema, carpóforo esvelto, pode medir ata 7 cm de diámetro: **Lepiota helveola** (ver tamén outras *Lepiota*)
Escamas densas, pardas ou violáceas, tanto no chapeu como no pé, sobre fondo pardo ou ocre: **Lepiota brunneoincarnata** (ver tamén outras *Lepiota*)
43. Mamelón pardo ou pardo alaranxado, con escamas pequenas e fibrilosas, pardas ocre, sobre fondo branco: **Lepiota clypeolaria**
Mamelón pardo moi escuro, con escamas pequenas que cobren toda a superficie, pardas claras, sobre fondo crema: **Lepiota magnispora** (xénero complexo, imprescindible estudo microscópico)
44. Láminas decorrentes: 45
Láminas non decorrentes: 52
45. Chapeu branco sucio, láminas brancas, logo de cor ocre e cheiro a fariña húmida: **Clitopilus prunulus**
Outros caracteres: 46
46. Chapeu verdoso, gris ou pardo: 48
Chapeu alaranxado, amarelento ou rosado: 47
47. Láminas bifurcadas, fráxiles, lixeiramente alaranxadas, por veces o pé pardo escuro: **Hygrophoropsis aurantiaca**
Láminas anchas, brancas, con tacto de cera e elásticas, chapeu rosa alaranxado ou branco: **Cuphophyllus pratensis** (= *Hygrocybe*)
48. Forte cheiro a améndoas amargas, láminas grosas, chapeu ocre gris ou ocre pardento: **Hygrophorus agathosmus**
Outro cheiro: 49
49. Chapeu pardo oliváceo ou pardo vermello, na marxe, amarelo oliváceo, que se descolora a amarelo, moi viscoso: **Hygrophorus hypothejus**
Outras características, cores grises, brancas ou verdosas, ás veces higrófanos: 50
50. Carpóforo grande, láminas facilmente separables da carne cando se vai secando ou coa uña, cheiro a froita ou aromático: **Clitocybe nebularis**
Outras características e máis pequenos: 51
51. Cheiro non anisado, carpóforo branco suxo en seco, gris, ás veces cun embigo central algo máis escuro: **Clitocybe metachroa** (véxanse tamén outros *Clitocybe* de cor branca ou gris)
Cheiro a anís, tonalidades verdes ou verde azuladas no chapeu: **Clitocybe odora** (tonalidades claras, **Clitocybe suaveolens**)
52. Chapeu convexo ou aplanado: 53
Chapeu cónico ou con forma de campá (ás veces aplanado cando vello): 72
53. Chapeu amarelo dourado, contrastando co pé que ten como veludiño pardo escuro, polo menos na parte inferior, vive sobre madeira: **Flammulina velutipes**
Outra combinación de cores: 54
54. Carpóforo moi pequeno, chapeu con menos de 1 cm de diámetro, en xeral sobre follas ou piñas: 55
Noutro hábitat ou outro tamaño: 56
55. En xeral follas planas e perennes, preferentemente de acivro: **Maramius hudsonii**

- En follas de piñeiro, máis raro de carballo, pé e micelio negro, da consistencia do arame: ***Gymnopus androsaceus*** (= *Setulipes* e *Marasmius*)
56. Sobre polas, vivas ou caídas no chan, máis raro piñas: 57
Outro hábitat, en xeral aparece directamente no chan: 58
57. Láminas unidas preto do pé nunha especie de anel, chapeu fortemente estriado: ***Marasmius rotula*** (sobre acícolas ver tamén ***Marasmius bulliardii***)
Láminas non unidas nun anel preto do pé: ***Marasmiellus ramealis*** (se vive sobre piñas, ***Baeospora myosura***)
58. Cogomelo moi resistente á podrencia e pé que se pode retorcer sen romper, umbón grande e obtuso, en prados: ***Marasmius oreades***
Cogomelo putrescible, pé con outras características: 59
59. Pé escuro, que contrasta co branco das láminas, preferentemente en prados: ***Melanoleuca melaleuca*** (ver outras *Melanoleuca*)
Outras características: 60
60. Chapeu, en xeral grande, gris, con fibras inmersas na cutícula, grosos rizomorfos brancos na base do pé: ***Megacollybia platyphylla*** (= *Collybia* e *Oudemansiella*)
Sen grosos rizomorfos: 61
61. Pequeno carpóforo de tonalidades pardas avermelladas, cun forte cheiro desagradable, a coles fermentadas: ***Gymnopus brassicolens*** (= *Micromphale*, láminas ocre claro, ***Gymnopus foetidus***)
Outro cheiro: 62
62. Láminas brancas: 63
Láminas doutra cor: 66
63. Forte cheiro a lixívia e carne delgada: ***Mycena rosea*** (se azulada, ***Mycena pura***, branca ou gris clara, ***Mycena alcalina***)
Cheiro diferente: 64
64. Chapeu azulado, marxe da lámina violeta escuro: ***Mycena pelianthina***
Outra cor do carpóforo: 65
65. Carpóforo pequeno co chapeu cor carne e o pé vermello, delgado e subigual: ***Gymnopus erythropus*** (= *Collybia marasmioides*, co pé algo máis claro, ***Gymnopus dryophilus***).
Chapeu cor parda máis escura, pé bulboso e esponxoso na base, cutícula de tacto ceráceo ou amanteigado: ***Rhodocollybia butyracea*** (se o pé é radicante e retorcido, ***Gymnopus fusipes***)
66. Láminas de cor violácea, máis ou menos intensas: ***Lepista nuda*** (se o chapeu ten carne delgada, ***Lepista sordida*** e co carpóforo pequeno, ***Laccaria amethystina***)
Láminas doutra cor: 67
67. Exemplos illados un do outro, chapeu máis ou menos carnoso, láminas escotadas: 68
Exemplos unidos polo pé: ***Lyophyllum fumosum*** (= *Lyophyllum decastes*)
68. Carpóforos brancos: 69
Carpóforos doutra cor: 70
69. Inmutables, base do pé azul turquesa ou verdosa: ***Tricholoma columbetta*** (ver outros *Tricholoma* brancos e se láminas, pé e chapeu con manchas rosadas, ***Rhodocollybia maculata***)
Amarela intensamente co contacto ou na vellez, cheiro moi desagradable: ***Tricholoma eucalpticum*** var. ***alboflavescens***
70. Chapeu gris ou pardo: 71

- Chapeu pardo vermello, rosado ou cor tella: 73
71. Chapeu liso, untuoso, base do pé vermella e cheiro a touciño rancio: ***Tricholoma saponaceum*** (pé moi branco e outro cheiro, ***Tricholoma joseandii***)
Outro cheiro e chapeu fibriloso: 72
72. Chapeu con fibras escuras inmersas na cutícula, pé longo e fibroso, na fin láminas e marxe con manchas amarelas: ***Tricholoma portentosum*** (se gris con tonalidades amarelas, ***Tricoloma sejunctum*** e pardo amarelado, liso, ***Tricholoma joachimii*** = ***Tricholoma fucatum*** segundo certos autores antigos)
Chapeu moi fibriloso, pé curto, propio de terreos básicos: ***Tricholoma terreum***
73. Carne con forte sabor a noz verde, láminas brancas, logo manchadas de parda rosadas ou lila ao secarse: ***Tricholoma eucalpticum*** var. ***eucalpticum*** (en piñeirais, ***Tricholoma stans***)
Outro sabor, láminas unidas ao pé, amarelo pálido, aresta irregular, da mesma cor, con manchas avermelladas cando é vello: ***Tricholoma fulvum***
74. Láminas anchas, separadas, cerosas, elásticas, en prados, chapeu de cores vivas, amarela, alaranxada ou rosa, viven nos prados: 75
Láminas doutra maneira, chapeu, en xeral, branco, gris, branco sucio, pardo rosado atópanse en bosques e, por veces, na madeira ou nas piñas: 76
75. Chapeu de cor rosa intenso, pé branco e fráxil: ***Porpolomopsis calyptraeformis*** (= ***Hygrocybe*** e ***Humidicutis***)
Chapeu de cor amarela, vermella ou alaranxada, pé branco, ás veces máchase de negro co tacto: ***Hygrocybe conica*** (se é de tamaño moi pequeno <1 cm Ø, ***Hygrocybe miniata*** e se vira forte a negro ao tocalo, ***Hygrocybe nigrescens***)
76. Sobre piñas, máis ou menos enterradas: 77
Outro hábitat: 78
77. Marxe da lámina vermella: ***Mycena seynii***
Sen marxe vermella, en outono: ***Baeospora myosura*** (na primavera, ***Strobilurus tenacellus***)
78. Chapeu moi pequeno alaranxado: 79
Chapeu doutra cor: 82
79. Sobre madeira: ***Mycena adonis***
No chan, entre follas: ***Mycena acicula*** (sobre musgos e láminas decorrentes: ***Rickenella fibula***)
80. Pé con grande cantidade de xelatina, facilmente separable: 81
Pé máis ou menos seco: 82
81. Chapeu branco suxo ou algo gris: ***Roridomyces rorida*** (= ***Mycena***)
Chapeu amarelo, vive en piñeirais: ***Mycena epipterygia*** var. ***viscosa***
82. Pé que ao cortalo deixa saír un látex vermello, semellante ao sangue: ***Mycena sanguinolenta***
Pé que ao cortalo non bota látex ou é doutra cor: 83
78. Pé branco, vive sobre madeira ou restos leñosos, preferentemente de caducifolias: ***Mycena galericulata***
Outras características: outras ***Mycena*** (xénero antigo, actualmente subdividido en varios e numerosas especies, imposibles de diferenciar macroscopicamente)

CLAVE 3. LÁMINAS COR SALMÓN, LARANXA, CARNE, ROSADAS OU AMARELAS

1. Con volva, chapeu, en xeral, viscoso: 2
Sen volva: 4

2. Desenvólvese sobre *Clitocybe nebularis*, pequeno tamaño: ***Volvariella surrecta***
Outro hábitat: 3
3. Sobre madeira: ***Volvariella caesiotincta***
Directamente no solo: ***Volvopluteus gloiocephalus*** (= *Volvariella gloiocephala* e *V. speciosa*)
4. Vive na madeira: 5
Vive na terra:13
5. Sésil ou pé curto, láminas amareladas ou pardas, facilmente separables da carne: 6
Con pé central, láminas rosadas ou amarelas, ás veces amarelas alaranxadas: 7
6. Pé curto, en xeral excéntrico, cuberto de veludo negro: ***Tapinella atrotomentosa*** (= *Paxillus*)
Sen pé, ás veces carpóforo incrustado na madeira: ***Tapinella panuoides*** (= *Paxillus*)
7. Pé con anel, carpóforos grandes de cor amarela dourada ou amarela alaranxada, sobre cepas: ***Gymnopilus junonius*** (= *G. spectabilis*)
Pé sen anel ou cunha lixeira cortina: 8
8. Láminas de cor amarela dourada, amarela olivácea: 9
Láminas rosadas: 11
9. Carpóforo pequeno, de cor amarela alaranxada ou dourada, sobre pólas ou piñas, ás veces grosos rizomorfos brancos: ***Gymnopilus penetrans*** (se ten cortina grosa, semella un pequeno anel, ***Gymnopilus hybridus***)
Outras características: 10
10. Chapeu en xeral grande, de cor púrpura viño, con escamas: ***Tricholomopsis rutilans***
Chapeus pequenos, glabros, algo fariñentos, de cores amarelas ou pardas, máis ou menos oliváceas: ***Callistosporium luteo-olivaceum***
11. Carpóforo escuro, láminas coa marxe escura: ***Pluteus atromarginatus***
Láminas sen marxe escura, en xeral con fibras radiais inmersas na cutícula do chapeu: 12
12. Chapeu branco ou gris: 13
Chapeu amarelo ao igoal que o pé: ***Pluteus leoninus*** (se pé branco ou branco amarelado, ***Pluteus chrysophaeus***)
13. Chapeu branco ou branco gris, no centro ocre amarelo, a miúdo con escamas: ***Pluteus petasatus***
A miúdo con mamelón central ancho, pardo, un pouco máis escuro no centro, marxe ás veces estriada por transparencia: ***Pluteus cervinus***
14. Láminas decorrentes: 15
Láminas doutra maneira: 18
15. Cheiro a fariña fresca, láminas moi apertadas: ***Clitopilus prunulus***
Láminas doutro xeito ou con outro cheiro: 16
16. Carpóforo de cor alaranxada ou cinabrio:17
Láminas pardas amareladas, con manchas ferruxíneas, facilmente separables da carne e marxe recurvada: ***Paxillus involutus*** (se baixo bidueiros, ***Paxillus rubicundulus*** e se baixo amieiros, ***Paxillus filamentosus***)
17. Carpóforo alaranxado, ás veces con forma de funil e láminas bifurcadas: ***Hygrophoropsis aurantiaca***
Chapeu cor de cinabrio, ou ferruxinosa, láminas moi anchas: ***Chroogomphus rutilus*** (se cor moi intenso, ***Chroogomphus fulmineus***)

18. Chapeu de cor ocre, carne, anel péndulo, láminas ocráceas, máis ou menos escuras: **Cortinarius caperatus** (= *Rozites*)
Outras características: 19
19. Chapeu delgado, de cor carne, higrófono, coas láminas moi anchas, separadas, cheiro a chocolate rancio: 21
Chapeu, máis ou menos, amarelado, ás veces intensamente, sen anel: 20
20. Chapeu pardo no centro, algo viscoso: **Tricholoma equestre** (con láminas claras, **Tricholoma sejunctum** ou **Tricholoma joachimii**)
Cheiro moi desagradable, como a gas: **Tricholoma sulfureum**
20. Vive en taludes, pequeno tamaño (< 1 cm de diámetro), umbilicado, radialmente sucado ou fendido, pardo rosado: **Laccaria tortilis**
Chapeu doutra maneira e noutro hábitat: 21
21. Chapeu moi delgado, pardo vermello, marxe acanalado ou estriado por transparencia, preferentemente aparece baixo eucaliptos e acacias: **Laccaria lateritia** (chapeu máis claro, **Laccaria fraterna**, a veces consideranse sinónimas)
Chapeu máis carnoso, pardo rosado ou pardo cárneo, ao secarse pardo esbrancuxado, superficie con fibras inmersas na cutícula, ás veces con algunhas escamas pequenas no centro: **Laccaria laccata** (se a base do pé é violeta, **Laccaria bicolor** e se o sombreiro algo umbilicado e con escamiñas, **Laccaria proxima**)

CLAVE 4. LÁMINAS PARDO GRISES, TABACO OU ENFERRUXADAS

1. Láminas decorrentes, que se separan moi ben do pé, por veces ten o pé excéntrico ou é sésil: **Paxillus involutus** (se baixo bidueiros, **Paxillus rubicundulus** e se baixo amieiros, **Paxillus filamentosus**)
Doutro xeito: 2
2. Pé con anel ben formado, máis ou menos péndulo: 3
Pé sen anel ou pouco aparente ou cunha cortina: 14
3. Carpóforo viscoso, habita en terras removidas, cunetas, hortas, etc: 4
Carpóforo seco, doutra cor: 5
4. Carpóforo de cor verde turquesa ou verde azulada, ás veces con restos do anel na marxe: **Stropharia aeruginosa** (máis pequena e con tonos máis azuis, **Stropharia caerulea**)
Chapeu pardo, ás veces con tonalidades vermellas ou violáceas, con fibras inmersas na cutícula e marxe colgante: **Stropharia rugosoannulata** (= *S. ferrii*, esvelta, pequeno tamaño e totalmente alaranxada, **Stropholoma aurantiacum** = *Stropharia*)
5. Vive sobre madeira: 12
Vive no chan, chapeu, en xeral, con tonalidades brancas, grises ou rosadas, por veces con moitas escamas (necesaria análise microscópica e aplicación de reactivos químicos): 6
6. En terreos areosos do litoral, dunas: **Agaricus devoniensis** (con numerosas fibras radiais, anel descendente, **Agaricus freirei**)
Outro hábitat: 7
7. Vive debaixo de árbores, en bosques ou zonas forestais: 8
Vive en prados: 9
8. Chapeu con escamas fibrilosas, carne vermella en contacto co ar: **Agaricus sylvaticus**

- Chapeu branco, carne amarelada e cheiro anisado: ***Agaricus sylvicola***
9. Cheiro nin a fenol, nin anisado
Cheiro característico a fenol ou anisado: 11
10. Chapeu cuberto de escamas cobrizas: ***Agaricus cupreobrunneus*** (se grande e cheiro a améndoas amargas: ***Agaricus augustus***)
Chapeu pequeno, sen cheiro característico, ás veces con pequenas escamas negras ou pardo escuras: ***Agaricus campestris***
11. Carpóforo grande, de cor branca nívea, con cheiro anisado: ***Agaricus arvensis***
Carpóforo branco, intensamente amarelo ao tocalo, especialmente na base do pé, que cheira fortemente a fenol: ***Agaricus xanthodermus*** (se chapeu gris, ***Agaricus meleagris***)
12. Chapeu amarelo dourado ou un algo pardo, máis ou menos escamoso, anel péndulo: ***Gymnopilus junonius*** (= *G. spectabilis*)
Chapeu doutra cor: 13
13. Cogomelo de pequeno tamaño, de cor parda vermella, asociado a eucaliptos, anel estriado: ***Descolea maculata*** (con anel fráxil e aspecto máis gasteroide, ver ***Setchelliogaster tenuipes***)
Chapeu de cor clara, agrisada ou lixeiramente parda, con anel, asociado a choupos: ***Cyclocybe aegerita*** (= *Agrocybe*)
14. Vive na madeira, máis raro nas piñas: 15
Outro substrato, non propio da madeira: 20
15. Pé excéntrico, moi curto ou sen el, chapeus pardos, moi pequenos (< 1,5 cm de diámetro): ***Deconica horizontalis*** (= *Psilocybe* ou *Melanotus hepatochrous*)
Outras características: 16
16. Carpóforos illados: 17
Carpóforos unidos: 18
17. Chapeu, máis ou menos, amarelo dourado, sobre coníferas: ***Gymnopilus penetrans*** (se presenta unha cortina nítida no pé, semellando un anel, ***Gymnopilus hybridus***)
Chapeu amarelo limón, moi brillante no centro, en xeral con algunhas escamas pequenas de cor parda, inmersas na cutícula, preferentemente sobre ameneiros: ***Pholiota alnicola***
18. Carne máis ou menos amarga: 19
Carne doce, chapeus de cor tella: ***Hypholoma lateritium***
19. Chapeus amarelados, máis ou menos oliváceos, carne moi amarga: ***Hypholoma fasciculare***
Chapeus con tonalidades de cor tella, carne pouco amarga: ***Hypholoma capnoides***
20. Vive nas dunas: ***Psathyrella ammophila***
Noutro hábitat: 21
21. Chapeu cónico, normalmente cun diminuto mamelón no ápice, esvelto e de pequeno tamaño: ***Psilocybe semilanceata***
Chapeu plano ou convexo nos exemplares adultos: 22
22. Carpóforo de cor vermella tella intensa, habita en terras removidas e húmidas, coma as das cunetas: ***Stropholoma aurantiacum*** (= *Stropharia*)
Outras características: 23
24. Sobre excrementos, chapeu convexo e viscoso: ***Protostropharia semiglobata*** (= *Stropharia*)

- Outro hábitat: 24
24. Trama do chapeu delgada, ás veces pé moi fráxil, esvelto: 25
Trama do chapeu carnosa, convexo: 27
25. Chapeu amarelo ocre ou pardo vermello, non estriado e con bastantes restos brancos, sobre todo na marxe, estriado ou sucado ata a metade do chapeu, ás veces marxe colgante: ***Psathyrella candolleana***
Chapeu pardo vermello, delgadísimo, estriado por transparencia cando está húmido, ás veces higrófono: 26
26. Chapeu apenas estriado na marxe, higrófono, normalmente co centro máis pálido ca o resto, ás veces marxe apendiculado, cheiro e sabor indiferentes: ***Psathyrella piluliformis***
Chapeu largamente estriado por transparencia, sabor amargo e cheiro acidulado: *Psilocybe gallaeciae*
27. Vive sobre restos de fogueiras e terreos queimados: ***Pholiota highlandensis*** (= *Pholiota carbonaria*)
Noutro hábitat: 28
28. Cogomelo cun fortísimo cheiro a lixivia ou a esperma (difícil separar especies sen estudo microscópico detallado): 29
Outro cheiro ou espermático moi lixeiro: 30
29. Carpóforo de cor branca ou violácea, glabra, sen tonalidades vermellas: ***Inocybe geophylla***
Carpóforo de cor parda amarelada, chapeu fibriloso, marxe con frecuencia agretada: ***Inocybe rimosa***
30. Chapeu moi escuro, case negro, con grosas escamas hirsutas, pé cilíndrico, verdoso na base, cun forte cheiro a sardiñas: ***Inocybe calamistrata***
Chapeu de cor parda clara, fibriloso: 30
31. Propio de dunas ou terreos areosos: ***Inocybe heimii***
Noutro hábitat: 32
32. Pé bulboso, ás veces marxinado, chapeu amarelo ou pardo amarelo, superficie radialmente fibrilosa, marxe con estrías moi marcadas, cheiro fariñento ou lixeiramente espermático: ***Inocybe mixtilis***
Outras características (numerosas especies semellantes só diferenciábeis microscopicamente e cunha detallada observación en fresco): 33
33. Carpóforo de cor parda: 34
Carpóforo de cor violácea escura, chapeu con escamas: ***Cortinarius violaceus***
34. Pé viscoso, marcado por unha serie de «aneis» xelatinosos, comunicados entre si, de cor parda, sobre fondo máis claro: ***Cortinarius trivialis*** (xénero con numerosas especies difíciles de identificar sen axuda de monografías)
Pé non viscoso, con restos de cortina nos exemplares xóvenes: outros ***Cortinarius*** (xénero con numerosas especies difíciles de identificar sen axuda de monografías)

CLAVE 5. LÁMINAS GRISES OU NEGRAS

1. Carpóforos moi pequenos, acampanados e gregarios, sobre madeira: ***Coprinellus disseminatus*** (= *Coprinus*)
Carpóforos con outras características: 2
2. Chapeu sempre cilíndrico nos exemplares acabados de xermolar: 3
Chapeu convexo, aplanado ou en forma de funil: 5

3. Cutícula cuberta por escamas micáceas, de cor gris continuo, polo menos nos exemplares adultos, estriado: **Coprinellus micaceus** (= *Coprinus*)
Cutícula glabra ou con escamas fibrilosas, lícuase na madurez: 4
4. Chapeu glabro, todo o máis fariñento, gris: **Coprinopsis atramentaria** (= *Coprinus*, se placas brancas sobre fondo negro, **Coprinopsis picacea**)
Chapeu branco, cuberto de grosas escamas filamentosas brancas ou cas puntas negras: **Coprinus comatus**
5. Especies carnosas, con anel persistente, péndulo: 6
Sen anel ou cunha cortina moi fina: 14
6. Carpóforo viscoso, habita en terras removidas, cunetas, hortas, etc, cor parda ou verde azulada: 7
Carpóforo seco, doutra cor: 8
7. Carpóforo de cor verde turquesa, ás veces con restos do anel na marxe: **Stropharia aeruginosa** (pequena e con tonos máis azuis, **Stropharia caerulea**)
Chapeu pardo, ás veces con tonalidades vermellas ou violáceas, con fibras inmersas na cutícula e marxe colgante: **Stropharia rugosoannulata** (= *S. ferrii*).
8. En terreos areosos do litoral, dunas: **Agaricus devoniensis** (con numerosas fibras radiais, anel descendente, **Agaricus freirei**)
Outro hábitat (necesaria análise microscópica e aplicación de reactivos químicos): 9
9. Vive baixo árbores, en bosques ou plantacións forestais: 10
Vive en prados: 11
10. Chapeu con escamas fibrilosas, carne vermella en contacto co ar: **Agaricus sylvaticus**
Chapeu branco, amarelea e cheiro a anís: **Agaricus sylvicola**
11. Cheiro nin anisado, nin fenólico: 12
Cheiro característico a fenol ou anisado: 13
12. Chapeu cuberto de escamas cobrizas: **Agaricus cupreobrunneus** (se grande e cheiro a améndoas amargas: **Agaricus augustus**)
Chapeu pequeno, sen cheiro característico, ás veces con pequenas escamas negras ou pardo escuras: **Agaricus campestris**
13. Carpóforo grande, de cor branca nívea, con forte cheiro anisado: **Agaricus arvensis**
Carpóforo branco, intensamente amarelo ao tocalo, especialmente na base do pé, que cheira fortemente a fenol: **Agaricus xanthodermus** (se chapeu gris, **Agaricus meleagris**)
14. Vive na madeira, ás veces en grupos moi grandes: 15
Outro hábitat: 17
15. Carne, máis ou menos, amarga: 16
Carne doce, chapeus de cor tella: **Hypholoma lateritium**
16. Chapeus amarelados, máis ou menos oliváceos, carne moi amarga: **Hypholoma fasciculare**
Chapeus con tonalidades de cor tella, carne pouco amarga: **Hypholoma capnoides**
17. Sobre excrementos, cortina grosa, como un anel: **Panaeolus semiovatus** (= *Anellaria semiovata* e *A. separata*, con anel apenas visible e chapeu amarelado, **Protostropharia semiglobata** = *Stropharia*)
Outro hábitat: 18

18. En prados ou terreos estercoados, ás veces marxe do chapeu con copos:
Panaeolus papilionaceus (= *P. sphinctrinus* e *P. campanulatus*)
Outro tipo de substrato: 19
19. Cogomelo moi fráxil, carne delgada: 21
Cogomelo consistente, de cor vermella alaranxada: 20
20. Láminas libres ou escotadas: ***Stropholoma aurantiacum*** (= *Stropharia*)
Láminas anchas e decorrentes, branco grisáceas de xoven: ***Gomphidius roseus***
21. Láminas cubertas de gotas, semellantes a bágoas ou a gotas de choiva:
Lacrymaria lacrymabunda (= *Psathyrella*)
Láminas doutro xeito: 22
22. Chapeu amarelo ocre ou pardo vermello, non estriado e con bastantes restos brancos, sobre todo na marxe, estriado ou sucado ata a metade do chapeu, ás veces marxe colgante: ***Psathyrella candolleana***
Chapeu pardo vermello, delgadísimo, estriado por transparencia cando está húmido, ás veces higrófono: 23
23. Chapeu apenas estriado na marxe, higrófono, normalmente co centro máis pálido ca o resto, ás veces marxe apendiculada, cheiro e sabor indiferentes: ***Psathyrella piluliformis***
Chapeu largamente estriado por transparencia, sabor amargo e cheiro acidulado:
Psilocybe gallaeciae

CLAVE 6. HIMENIO INTERNO

1. Carpóforo que nace como dun groso ovo carnoso, moi viscoso no interior; os exemplares maduros cheiran a morto ou a animal en descomposición: 2
Carpóforo con outras características: 7
2. Ao abrirse o ovo sae un carpóforo que ten forma fálica: 5
Outro aspecto: 3
3. O carpóforo adulto lembra unha rede alaranxada ou vermella: ***Clathrus ruber***
Non aspecto de rede ao estar aberto: 4
4. Forma de estrela ou de polbo vermella: ***Clathrus archeri***
Aspecto de flor vermella, enriba dun pé: ***Aseroë rubra***
5. Exemplar aberto cunha volva rosada, cabeza portadora da gleba longa, ata a metade do pé e mal delimitada respecto e el: ***Mutinus elegans*** (pé groso e cabeza ben delimitada, ovoidea, ***Phallus hadriani***)
Exemplar aberto cunha volva branca, máis ou menos sucia: 6
6. Pé groso, cabeza alveolada coa cabeza fértil subglobosa, rematada nunha especie de poro apical: ***Phallus impudicus***
Pé elegante, longo e delgado, terminado nunha cabeza aguda, de cor escuro, gleba sobre unha superficie rosada: ***Mutinus caninus***
7. Forma de niño con ovos ou de copa tapada por unha membrana, en xeral sobre madeira ou restos leñosos: 8
Sen parecerse a un niño: 9
8. Copa estrida no interior: ***Cyathus striatus***
Copa lisa: ***Cyathus olla*** (se cuberto por unha membrana amarela, ***Crucibulum laeve***)
9. Himenio, nos exemplares vellos, totalmente pulverulento, fungos epixeos: 7
Himenio doutro xeito: 27

10. Carpóforos que ao abrir teñen forma de estrela, e ao abrir queda no centro unha especie de bóla recuberta por unha membrana: 11
Madura doutro xeito: 12
11. Brazos da estrela higroscópicos e interior co peridio cuarteado: **Astraeus hygrometricus** (ver tamén *Geastrum*)
Brazos da estrela non higroscópicos, peridio diferenciado en tres capas: **Geastrum triplex** (se tamaño pequeno e exoperidio diferente, **Geastrum schmidelii** = *G. nanum*)
12. Forma case esférica, sen pé, exemplares novos moi brancos: 13
Outras características: 14
13. A casca branca rompe como se fose a dun ovo cocido, e deixan ver unha membrana gris que envolve as esporas: **Bovista plumbea** (se membrana negra externamente, **Bovista nigrescens**)
Carpóforo moi grande, máis de 10 cm, sen romper como o anterior: **Calvatia gigantea** (= *Langermannia*)
14. Cun pé máis ou menos desenvolvido: 17
Sen pé, externamente cor amarela ou parda amarelada: 15
15. Carpóforo que abre en forma de estrela irregular, gran tamaño, liso ou subescamoso, amarelo pardo: **Scleroderma polyrhizum**
Carpóforo que abre doutra maneira: 16
16. Cor amarela intensa, cun falso pé esbrancuxado: **Scleroderma meridionale**
Cor amarela parda ou agrisada, con numerosas escamas espaxadas por toda a cabeza, falso pé groso: **Scleroderma verrucosum** (cor amarela, **Scleroderma citrinum** e se ao caer as escamas deixa unha areola, **Scleroderma areolatum**)
17. Pé ben diferenciado dunha cabeza esférica: 18
Pé máis ou menos continuado na cabeza, indiferenciado, maior tamaño: 21
18. Máis ou menos esvelto, cabeza ben diferenciada, nalgún caso semellante a un chapeu: 19
Pé curto, pequeno tamaño, preferentemente sobre restos de animais mortos: 20
19. Cabeciña redonda ben diferenciada, de 1-2 cm de diámetro, rematada nun poro apical: **Tulostoma brumale** (en galiñeiros, **Tulostoma striatum**)
A cabeza seméllase a un chapeu, con láminas incipientes na parte inferior: **Setchelliogaster tenuipes**
20. Sobre plumas de aves ou restos de la: **Onygena corvina**
Sobre restos de cornos ou pezuños: **Onygena equina**
21. Carpóforo grande, que ao cortalo deixa ver unha especie de grans dourados moi apertados, por veces con irisacións azuis: **Pisolithus arhizus**
Carpóforo máis pequeno, con forma de pera: 22
22. Cun tabique interior que separa o falso pé da superficie fértil: **Lycoperdon pratense** (= *Vascellum*)
Sen tabique: 23
23. Sobre madeira: **Apioperdon pyriforme** (= *Lycoperdon*)
No solo: 24
24. Cutícula externa lisa ou case, ás veces algo fariñenta debido a pequenísimas verrugas, que caen con facilidade: **Lycoperdon molle**
Cutícula externa con verrugas ou espiñas flexibles: 25
25. Cutícula externa formada por longos aguillóns, de cor crema amarela ao inicio, parda escura despois: **Lycoperdon echinatum**

- Cutícula con aguillóns curtos, agudos ou redondeados: 26
26. Cutícula externa formada por espiñas cónicas, agudas ou redondeadas, brancas, que ao caer deixan ver unha especie de retículo: ***Lycoperdon perlatum*** (se moi escuro ver ***Lycoperdon nigrescens***)
Aguillóns agrupados no ápice, en xeral baixo piñeiros: ***Lycoperdon umbrinum*** (se baixo carballos ver ***Lycoperdon lambinonii***).
27. Frutificacións epixejas, forma globosa, de costra ou de maza: 28
Frutificacións hipoxejas ou dentro do substrato, de forma ovoide ou globosa: 33
28. Sobre fungos hipoxeos ou larvas de insectos enterradas, aspecto de maza: 29
Sobre madeira, máis raro na terra: 30
29. Sobre fungos hipoxeos do xénero *Elaphomyces*, pé longo, máis ou menos amarelo, cunha cabeza escura redondeada: ***Tolypocladium capitatum*** (= *Cordyceps*, se cabeza ovoide, ***Tolypocladium ophioglossoides***)
Sobre larvas ou crisálides de insectos, forma de maza de cor vermella alaranxada ou branca: ***Cordyceps militaris***
30. Forma globosa ou en costra: 31
Erecta, máis ou menos ramificada, de cor negra, ás veces co ápice branco: ***Xylaria hypoxylon*** (véxanse tamén outras *Xylaria*)
31. Carpóforos diminutos, de cor vermella ou alaranxada, agrupados: ***Neonectria coccinea*** (= *Nectria coccinea*, se forma unha estrutura dura, graúda: ***Hypoxylon fragiforme***)
Outra cor: 32
32. Formas globosas, negras, lisas, ás veces pulverulentas, interior ao corte con bandas concéntricas brancas e grises intercaladas: ***Daldinia concentrica***
Formas subglobosas ou en costras, coa superficie recuberta de pequenas verrugas, correspondentes aos opérculos dos peritecios: ***Biscogniauxia mediterranea*** (ver tamén especies do antigo xénero *Hypoxylon*)
33. Forma globosa, interior oco polo menos na madurez: 34
Forma ovoide, subglobosa ou irregular, interior brando ou algo viscoso, ás veces un pouco elástico: 5
34. Cutícula externa de cor parda moi escura, ás veces cuberta de peliños, interior liso e branco gris: ***Geopora arenicola***
Cutícula externa case lisa, de cor parda amarelada, interior oco na madurez, antes cunha masa viscosa escura: ***Elaphomyces granulatus***
35. No interior presenta unha gleba elástica, viscosa, con pequenísimas cavidades, de cor parda, verdosa ou ocre, cutícula externa parda amarelada ou rosada: 36
Outras características, especies propias de eucaliptais: 37
36. Carpóforo que ao tocalo se tingue de vermello, con rizomorfos vermellos adheridos á cutícula externa: ***Rhizopogon roseolus***
Carpóforo que non se tingue de vermello, con zonas esbrancuxadas: ***Rhizopogon luteolus*** (na primavera ver *Terfezia*)
37. Cutícula externa parda rosada, interior con grandes ocos: ***Hydnangium carneum***
Cutícula externa branca ou crema: ***Descolea alba*** (= *Descomyces*)

CLAVE 7. HIMENIO FORMADO POR TUBOS OU AGUILLÓN

1. Himenio formado por tubos, rematados en poros: 2
Himenio formado por aguillóns: 47

2. Chapeu carnoso, podrece facilmente: 3
Chapeu duro, coriáceo, en xeral vive sobre madeira: 24
3. Sobre árbores vellas, carpóforo de cor vermella sangue, tubos libres entre si.
Fistulina hepatica
Noutro hábitat ou tubos soldados.4
4. Pé con anel membranoso: ***Suillus luteus*** (baixo *Picea* ver ***Suillus grevillei*** = *S. elegans*)
Pé sen anel: 5
5. Poros compostos, chapeu viscoso cando está mollado: ***Suillus bovinus***
Poros simples: 6
6. Chapeu moi viscoso, con restos de follas ou area adheridos, baixo piñeiros: 7
Chapeu pouco o nada viscoso: 8
7. Pé branco, con numerosas puntos vermellos ou negros, cutícula lisa, poros nos exemplares novos que soltan gotas: ***Suillus bellinii*** (pé máis claro e, en xeral, poros goteando latex abundante, ***Suillus granulatus***)
Pé amarelado ou crema, base do pé rosada, pouco o nada punteado, cutícula con fibras inmersas na cutícula: ***Suillus collinitus***
8. Pé cheo, logo cavernoso e na fin oco, poros de pequeno tamaño, frutificacións acastañadas, amareladas ou de cor salmón: ***Gyroporus castaneus*** var. ***ammophilus*** (fora das dunas e baixo caducifolios, ***Gyroporus castaneus*** var. ***castaneus*** e se o sombreiro é fibroso e cambia a azul ao contacto, ***Gyroporus cyanescens***)
Pé cheo, aínda en exemplares vellos: 9
9. Poros ou pé vermellos, en xeral azuis ao tocalos: 10
Poros doutra cor (branca, amarela, rosada, ...): 12
10. Carne extremadamente picante: ***Chalciporus piperatus***
Carne amarga ou doce, non picante: 11
11. Chapeu de cor parda acastañada, pé e poros vermellos, carne intensamente azul ao corte: ***Neoboletus erythropus*** (= *Boletus erythropus*, se aromático e con menos tonalidades rosadas, ***Lanmaoa fragrans*** = *B. fragrans*)
Chapeu de cor branca sucia, tubos unidos ao pé, poros de cor ocre amarelada ou vermella: ***Caloboletus calopus*** (= *Boletus calopus*, se pé adelgazado na base, ***Caloboletus radicans*** = *B. radicans*)
12. Sabor moi amargo, poros rosados nos exemplares vellos, retículo escuro no pé:
Tylophillus felleus
Sabor doce ou picante, poros non rosados: 13
13. Poros azuis, máis ou menos, ao apertalos, cutícula veluda en tempo seco: 14
Poros non azuis ao tocalos.17
14. Chapeu vermello baixo da cutícula: 15
Chapeu non vermello baixo da cutícula: 16
15. Carpóforo vermello intenso a pardo vermello, rosado debaixo da cutícula, poros de cor amarela citrina, despois máis verdosa: ***Hortiboletus rubellus*** (= *Xerocomus rubellus* e *X. versicolor*)
Carpóforo acastañado, trama vermella baixo da cutícula: ***Xerocomellus chrysenderon*** (= *Xerocomus*, se carpóforo alaranxado intenso, ***Rheubarbariboletus armeniacus*** = *Xerocomus*)
16. Cutícula con coloracións variables desde parda, máis ou menos escura, ata parda amarela verdosa: ***Boletus subtomentosus*** (= *Xerocomus*)

- Cutícula de cor parda acastañada (baia), poros intensamente azuis ao tocalos, de cor amarela, máis verdosa nos exemplares vellos: **Imleria badia** (= *Xerocomus*)
17. Pé cuberto de pencas amarelas, negras ou vermellas: 18
Pé liso ou cunha rediña moi fina: 22
18. Baixo carpazas, estevas (cistáceas): **Leccinellum corsicum** (= *Leccinum corsicum* e *L. crocipodium*, se baixo sobreiras: **Leccinellum lepidum**)
Baixo árbores caducifolias, pé: 19
19. Baixo chopos, chapeu pardo gris, pé coa superficie de cor branca na metade e parda no resto, granulacions pardas, con sulfato de ferro a carne vira a verde escuro: **Leccinum duriusculum**
Outras características: 20
20. Baixo carballos, chapeu de cor alaranxada ou parda alaranxada, pé con granulacions de rosadas a pardas escuras, ás veces lixeiramente azulado na base do pé: **Leccinum aurantiacum** (= *L. quercinum*)
Baixo bidueiros: 21
21. Carne inicialmente branca pero, ao cortala, cambia lentamente a cor viño rosado no ápice do pé e no chapeu, mentres que na base do pé toma tonalidades azuis turquesas ou verdosas con sulfato de ferro pasa a verde oliva no ápice: **Leccinum variicolor**
Carne branca que non cambia de cor ou lixeiramente rosada, con sulfato de ferro pasa a gris: **Leccinum scabrum**
22. Tubos de cor amarela dourada a olivácea ao madurar, poros de pequeno tamaño, azuis ao tacto ou á presión: **Gyrodon lividus** (= *Boletus*)
Tubos doutra cor, non azuis ao tocalos, pé cun retículo branco: 23
23. Cutícula crema, máis ou menos escura, máis raro gris, poros brancos, na fin amarelos verdosos: **Boletus edulis** (chapeu pardo vermellizo, **Boletus pinophilus**, pardo negro e carne moi branca, **Boletus aereus**)
Cutícula de cor castaña escura, máis ou menos vermella, poros azulexan: **Imleria badia** (= *Xerocomus*)
24. Pé ben desenvolvido, central ou lateral, por veces algo curto: 25
Sésil, carpóforo unido a madeira por unha zona mal definida ou por toda a cara: 28
25. Carpóforo completamente amarelo: **Favolaschia calocera**
Outra cor: 26
26. Chapeu con pé, máis ou menos desenvolvido: 27
Chapeu sésil: 30
27. Chapeu grande, con escamas escuras, cutícula clara, branca ou ocre, por veces pé lateral: **Cerioporus squamosus** (= *Polyporus*, se poros moi brancos e vive no solo, **Boletopsis subsquamosa**)
Carpóforo pequeno e pé central ou case: 28
28. Cores que van desde o gris ata o pardo, cutícula non brillante, con ou sen escamas diminutas: 29
Cutícula moi brillante, como barnizada, coloracións vermello púrpura, pé central ou non: **Ganoderma lucidum** (sen pé, **Ganoderma resinaceum** e sésil e zonado, **Fomitopsis pinicola**)
29. Pé negro total ou parcialmente, como barnizado, sen escamas: **Cerioporus varius** (= *Polyporus*)
Pé doutro xeito, chapeu de marxe delgada, en ocasións ciliada: **Lentinus brumalis** (= *Polyporus*, chapeu con escamas pequenas, claras: **Neofavolus alveolaris** = *P. mori*)

30. Nos exemplares frescos e novos a carne desfáise entre os dedos, é mol ao tocala: 31
Carne dura en exemplares frescos, semellante á cortiza ou á madeira: 32
31. Chapeus imbricados, con forma de abano, de cor amarela dourada cando novos, despois vólvense brancos: ***Laetiporus sulphureus***
Pel esbrancuxada, gris ou algo parda., vive só en bidueiros: ***Fomitopsis betulina*** (= *Piptoporus*)
32. Poros moi grandes, irregulares, en forma de labirinto: ***Daedalea quercina*** (poros menores e non tan labirintiformes, ***Daedaleopsis confragosa***)
Poros regulares ou case: 33
32. Carpóforos de gran tamaño, o conxunto, en xeral, supera os 30-50 cm de Ø, formado por chapeus imbricados: 34
Outras características: 35
34. Cutícula e tubos ennegrecen ao envellecer ou ao premer sobre eles: ***Meripilus giganteus***
Cutícula e tubos non varían de cor ao tocalos: ***Grifola frondosa***
35. Carpóforo da cor do cinabrio, tanto na cutícula e nos poros como na carne: ***Pycnoporus cinnabarinus***
Carpóforo doutra cor: 36
37. Chapeus pequenos, semicirculares ou en forma de abanico, máis ou delgados: 38
Frutificacións grosas, trama de 1 cm ou máis de ancho na parte de inserción co substrato: 41
38. Himenio sen zonas de cores diferenciados: 39
Chapeus moi delgadiños, con bandas de cores dispostas, máis ou menos, concéntricamente, en xeral con peliños, suaves ao tacto: 40
39. Himenio branco, coa marxe violácea, chapeus estreitos (2 cm máximo), en forma de abano, imbricados e con veludiño: ***Trichaptum abietinum*** (poros orientados en radios, ***Trichaptum fuscoviolaceum***)
Himenio gris, carpóforo que se desfai facilmente entre os dedos: ***Bjerkandera adusta***
40. Chapeu con bandas depiladas e pilosas, de coloración diversa, cunha liña negra por debaixo da cutícula: ***Trametes versicolor***
Chapeu con bandas concéntricas tomentosas, de cor ocre alaranxada, parda ferruginosa ou abelá, cunha fina liña escura, descontínua debaixo da cutícula: ***Trametes ochracea***
41. Carpóforo coa cutícula moi brillante, como barnizada (á veces disimulada polo pó esporal): ***Ganoderma resinaceum*** (se zonada, ***Fomitopsis pinicola***)
Carpóforo coa superficie non brillante: 42
42. Cutícula hirsuta (pelos ríxidos), parda, máis ou menos escura, ou vermelliza: 43
Carpóforo non hirsuto, lixeiramente aveludado ou glabro: 45
43. Carpóforo de cor parda vermella, co tempo case negra e coa superficie hirsuta, tipo veludo, os poros botan un líquido de cor amarela ou ambarina nos exemplares novos: ***Inonotus hispidus***
Carpóforos formados por chapeus circulares ou semi, no solo ou sobre madeira: 44
44. Terrestre ou a rás de solo na base dos piñeiros, marxe amarela e grandes poros: ***Phaeolus schweinitzii***

- En forma de uña de cabalo pequena, co tempo glabra, con fendas radiais e concéntricas: **Porodaedalea pini** (= *Phellinus*, se forma de abano e delgado, **Fuscoporia torulosa** = *Phellinus*)
45. Superficie lisa, sen veludo, lixeiramente brillante ou cuberta de po esporal pardo e poros moi pequenos, brancos cando son novos, logo acastañados: **Ganoderma australe** (se carpóforo grosso e sucos concéntricos formando como pisos, **Ganoderma adspersum**, ver tamén **Ganoderma applanatum**)
Superficie sempre mate: 46
46. Cutícula gris moi clara, forma característica de uña de cabalo: **Fomes fomentarius**
Cutícula moi escura, case negra, con zonacións concéntricas, vive sobre árbores caducifolias: **Phellinus igniarius** (= *P. pomaceus* e *P. nigricans*)
47. Cogomelos que forman costras resupinadas sobre a madeira, ás veces nas marxes chapeus semicirculares: **Irpex lacteus** (véxanse outros xéneros odontoides)
Cogomelos en forma de paraugas, con pé e chapeu, máis ou menos definidos: 48
48. Carpóforo xelatinoso, de cor branca gris, sobre madeira: **Pseudohydnum gelatinosum**
Carpóforo con outras características: 49
49. Vivindo sobre piñas: **Auriscalpium vulgare**
Outro hábitat: 50
50. Carpóforos duros, como a cortiza, por veces confluentes: 51
Carpóforos carnosos: 52
51. Carpóforo negro, aguillóns negros, nos novos coa punta branca: **Phellodon niger**
Carpóforo pardo vermello, aguillóns da mesma cor: **Hydnellum ferrugineum** (se varios carpóforos unidos, **Hydnellum concrescens**)
52. Cogomelo de cor clara: 53
Cogomelo de cor parda, por veces case negro: 54
53. Chapeu carnoso, grosso, de cor branca ou crema, máis raras veces rosada: **Hydnum repandum**
Chapeu delgado, de cor tella ou rosa alaranxada: **Hydnum rufescens**
54. Carpóforo moi escuro, case negro, chapeu con grosas escamas erguidas, dispostas concéntricamente semellantes a unha flor: **Sarcodon squamosus** (= *S. imbricatum* segundo certos autores antigos)
Carpóforo de cor parda a parda ocre, con tonalidades violáceas, lisa, fibrilosa ou con finas fendas concéntricas, sen chegar a formar verdadeiras escamas: **Sarcodon glaucopus**

CLAVE 8. HIMENIO LISO, CON PREGOS OU COSTELAS

1. Nace dun ovo de consistencia xelatinosa, do que parte unha estrutura carnosa en forma fálica, con reixas ou estrela, con cheiro nauseabundo: ver clave 6
Outras características: 2
2. Con chapeu e pé longo, forma de funil, carnoso ou cartilaxinoso: 3
Non en forma de funil (aconsellado consultar bibliografía especializada e analizar microscopicamente): 6
3. Chapeu de cor amarela ou alaranxada: 4
Chapeu de cores grises, pardas ou negras: 5
4. Himenio con grosos pregos, pé e chapeu carnoso, en xeral cheira a pexegos secos: **Cantharellus cibarius** (esbrancuxado no chapeu como fariñento, **Cantharellus**

- subpruinosis**, vermello ferruxinoso na base, **Cantharellus ferrugineus** e de pequeno tamaño, vivindo sobre mofos, **Cantharellus friesii**)
 Himenio liso ou subliso, cartilaxinoso, con ou sen cheiro doce: **Craterellus lutescens** (= *Cantharellus*)
5. Himenio liso ou subliso, gris: **Craterellus cornucopioides**
 Himenio con pregos ben definidos, máis ou menos pardos ou amarelos: **Craterellus tubaeformis** (= *Cantharellus*)
 6. Carpóforos diminutos, menos de 0,8-15 mm de diámetro, forma de copa, con ou sen pé: 7
 Carpóforos de maior tamaño, consistencia xelatinosa, cartilaxinosa ou coriácea: 14
 7. Sobre madeira, que está tinguida da mesma cor verde ca o resto do carpóforo, os exemplares vellos pasan a tonalidades ambarinas: **Chlorociboria aeruginascens**
 Outras cores: 8
 8. Sobre vellos ou rizos de castaña, tonalidades acastañadas, pé curto: **Lanzia echinophila** (= *Rustroemia*)
 Outro hábitat: 9
 9. Pequenas copiñas brancas ou de cor crema, cun longo pé, en xeral sobre froitos de carballos, faias, etc.: **Hymenoscyphus fructigenus**
 Outra morfoloxía ou outro hábitat: 10
 10. Copiñas pequenas, case sésiles, interior amarelo e exterior branco ou máis claro ca o interior: 11
 Copas da mesma cor por ambas as caras: 12
 11. Marxe lisa, non cuberta de pelos: **Bisporella citrina**
 Marxe cuberta de pelos: **Lachnum bicolor**
 12. Copas cun longo pé, de cor castaña, máis ou menos escura, sobre pólas ou en pecíolos (rabiños) das follas: **Rutstroemia firma**
 Copas sésiles ou case: 13
 13. Case translúcidas, de cor gris azulada, rara vez alcanzan os 5 mm: **Tapesia fusca** (ver outros cogomelos da orde Helotiales, moi diversa e que necesita estudos pormenorizados e bibliografía específica para a súa identificación)
 Cores vermellas ou alaranxadas, co rebordo escuro, constituído por pelos, máis ou menos longos: **Scutellinia scutellata** (véxanse tamén outras *Scutellinia* e, sobre restos de fogueiras, **Anthracobia melaloma**)
 14. Carne xelatinosa, semellante ao ágar-ágar, reviviscente na auga, en seco elástica, cartilaxinosa, vive sobre madeira, pólas ou follas: 15
 Carne non xelatinosa, pero pode ser elástica, cartilaxinosa, coriácea, etc: 23
 15. De cor violácea ou rosada, carpóforos en forma de copa, gregarios: **Ascocoryne sarcoides**
 Outras características: 16
 16. Aspecto cerebriforme ou contorno lobulado: 17
 Outra forma: 20
 17. Cor alaranxada ou amarela, cerebriforme: **Tremella mesenterica**
 Cores escuras (negras ou pardas): 18
 18. Cor parda acastañada, formada por cintas que no seu conxunto semellan unha flor de papel: **Phaotremella foliacea** (= *Tremella*)
 Cor case negra ou agrisada: 19

19. Cerebriforme, forma unha especie de costra sobre a madeira: ***Exidia glandulosa***
 Forma de copa, lisa na parte superior e rugosa na inferior, cun pé moi curto: ***Exidia truncata***
20. Enriba de pólas ou follas mergulladas, carpóforo con cabeza e pé, máis ou menos diferenciados: 21
 En cepas ou pólas tiradas, cor vermella ou alaranxada, semellante a un pequeno arbusto ramificado no ápice: ***Calocera viscosa*** (se moi pequena e sen ramificar, ***Calocera cornea***)
21. Cabeza subglobosa, con algúns pregos, de verdosa a case negra: ***Leotia lubrica***
 Cabeza alongada, pouco diferenciada do pé, a excepción da cor: 22
22. Cabeza de forte cor alaranxada, carpóforo de ata 5 cm: ***Mitrula paludosa***
 Carpóforos de moi reducido tamaño, 2-15 mm, a cor varía entre amarela viva, amarela alaranxada a case branca sucia: ***Vibrissea truncorum***
23. Carpóforo con forma de funil, de cor negra, que ao tocala tisma, vive nas pólas dos carballos: ***Bulgaria inquinans*** (se non tisma ver ***Exidia truncata***)
 Outras características: 24
24. Frutificación formada por cintas planas ou poliñas redondeadas e, máis ou menos, ramificadas: 25
 Doutra maneira: 34
25. Semellante a unha coliflor, sobre cepas: 26
 Semellante a unha maza ou a unha arboriña pequena, cor branca, amarela, gris, etc., ás veces engrosada na base desde onde ramifica: 27
26. Cintas estreitas e fortemente rizadas: ***Sparassis crispa***
 Cintas anchas, pouco rizadas, case sempre ramificadas no ápice: ***Sparassis laminosa***
27. Vive no chan ou sobre insectos e carpóforos enterrados: 29
 Sobre pólas ou madeira caída: 28
28. Pólas de loureiro, ramificacións amarelas, con puntos verdes, grosas, duras, na fin negras: ***Laurobasidium laurii*** (= *Exobasidium*)
 Outro tipo de madeira: ***Xylaria hypoxylon*** (ver tamén outras *Xylaria*)
29. Poliñas, máis ou menos grosas, non ramificadas ou como moito galladas: 30
 Poliñas ramificadas, brancas ou grises, cunha masa compacta na base: 33
30. Sobre insectos ou fungos enterrados: 31
 Vivindo directamente no chan: 32
31. Sobre larvas ou pupas de insectos: ***Cordyceps militaris***
 Sobre frutificacións do xénero *Elaphomyces*, cabeza esférica: ***Tolypocladium capitatum*** (= *Cordyceps*, se cabeza alongada, ***Tolypocladium ophioglossoides***).
32. Poliñas coa superficie algo rugosa, de cor branca ou crema: ***Clavulina rugosa***
 Carpóforo extremadamente delgado e longo (ata 10-12 cm) e cores máis ou menos pardas, coas puntas lixeiramente máis claras: ***Typhula juncea*** (= *Macrotyphula*)
33. Carpóforo branco, ás veces moi ramificada no tercio superior: ***Clavulina coralloides*** (= *C. cristata*)
 Carpóforo totalmente gris: ***Clavulina cinerea*** (se a masa compacta é grosa e o carpóforo de cores variables, xénero ***Ramaria***)
34. Forma costras estendidas ou grandes placas, ás veces con chapeus dimidiados (semicirculares), en xeral sobre madeira: 35
 Outra morfoloxía: 40
35. Himenio liso ou lixeiramente verrugoso: 37

- Himenio con pregos, ás veces unidos semellando poros, sobre madeira: 36
36. Pregos dispostos radialmente, himenio de cor, máis ou menos, alaranxada: ***Phlebia radiata*** (= *P. aurantiaca*)
 Pregos dispostos anarquicamente, himenio de cor crema ou ocre, frecuentemente grandes chapeus superpostos: ***Phlebia tremellosa*** (= *Merulius*)
37. Vive no solo, carpóforos pardos, máis ou menos escuros dependendo da idade: ***Rhizina undulata***
 Vive sobre madeira, himenio liso ou verrugoso: 38
38. Himenio de cor ocre, amarela, alaranxada ou case branca, ás veces chapeus con grandes pelos brancos, hirsuto: ***Stereum hirsutum***
 Himenio de cor avermellada ou violácea: 39
39. Consistencia elástica e algo xelatinosa en fresco, córnea coa desecación, himenio de cor rosada a castaña púrpura: ***Chondrostereum purpureum***
 Semellante a unha casco delgada, de cor parda violácea, marxe inicialmente adherida ao substrato, logo revolta, que mostra a superficie inferior con tonalidades pardas ou negras: ***Peniophora quercina*** (con este aspecto hai varios xéneros e especies, os corticiáceos sensu lato, que necesitan dunha análise macro e microscópica detallada)
40. Pé oco, ben desenvolvido, en xeral non ten forma de copa ou cunca: 1
 Forma de copa ou cunca, aínda que pode ter un pequeno pé: 46
41. Pé con costelas, por veces unidas: 42
 Pé liso ou lixeiramente verrugoso : 44
42. Carpóforo de cor branca ou crema: ***Helvella crispa***
 Carpóforo escuro, pardo ou negro: 43
43. Cabeza cerebriforme ou con forma de sela de montar: ***Helvella lacunosa*** (= *H. sulcata*, se en dunas, ***Helvela juniperi***)
 Cabeza plana ou semellante a unha cunca: ***Paxina queletii*** (= *Helvella*)
44. Cabeza de cor parda vermella, globosa, cerebriforme: ***Gyromitra esculenta*** (cabeza semellante a unha sela de montar, se negra e pé moi branco, ***Helvella leucopus***, outros caracteres, ***Gyromitra infula***)
 Cabeza alveolada, semellante a un panal de abellas, ovoide: 45
45. Cabeza indiferenciada do pé, parece ser un a continuación do outro: ***Morchella elata***
 Cabeza ben diferenciada, cunha clara liña de separación: ***Morchella esculenta*** (con apiculada e con costelas verticais, ***Morchella conica***)
46. Carpóforo de cor vermella ou alaranxada: 47
 Carpóforo doutra cor: 48
47. Vive sobre madeira: ***Sarcoscypha coccinea***
 Na terra sen vexetación: ***Aleuria aurantia*** (pequeno tamaño e case circular, ***Melastiza chateri***)
48. Forma de copa cun curto pé con costelas: ***Helvella acetabulum*** (= *Paxina*, se cor ocre grisácea e copa pequena, ***Helvella macropus*** = *Macroscyphus*,)
 Sésil: 49
49. Carpóforos longo tempo afundidos no chan, superficie externa escura e, en xeral, cuberta de pelos, máis ou menos longos: 50
 Outra morfoloxía: 51
50. En lugares areosos, normalmente zonas de dunas, himenio branco ou crema: ***Geopora arenicola*** (en balados con terra e mofo, ***Humaria hemisphaerica***)

- Baixo cedros, rara vez outras coníferas, superficie externa de cor parda, interna esbrancuxada ou ocre: **Geopora sumneriana**
51. Forma de copa aberta lonxitudinalmente, os exemplares vellos semellan unha orella: 52
Forma de copa, sen fenda lonxitudinal: 53
52. Carpóforo de cor amarela: **Otidea onotica**
Carpóforo pardo, máis ou menos claro: **Otidea alutacea** (pardo escuro, case negro **Otidea cochleata** = *O. umbrina*)
53. Copa de gran tamaño, coa marxe gretada, semellante a unha coroa, himenio violeta e superficie externa esbrancuxada: **Sarcosphaera coronaria**
Outras características: **Peziza** (xénero complexo ver diversas especies segundo hábitat, cores e caracteres microscópicos)

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA COMPLEMENTARIA PARA GALICIA

- ANDRÉS RODRÍGUEZ, J., LLAMAS FRADE, B., TERRÓN AFONSO, A., SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, J.A., GARCÍA PRIETO, O., ARROJO MARTÍN, E. & PÉREZ JARAUTA, T. 1990. *Guía de hongos de la Península Ibérica*. León. Celarayn Editorial (esgotado).
- BON, M. 2005. *Guía de campo de los hongos de Europa*. Barcelona. Omega. Guía con debuxos moi claros de todas as especies, moi completa.
- CASTRO, M. 2000. *Guía dos cogomelos comúns de Galicia*. Vigo. Edicións Xerais. (esgotado).
- CASTRO, M. 2004. *Cogomelos de Galicia e Norte de Portugal*. Vigo. Xerais Edicións.
- CASTRO, M. & FREIRE, L. 1982. *Setas ou cogomelos comestibles de Galicia: descripción e receitas para a boa cociña*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo (esgotado).
- CASTRO, M. & SKINNER, A. 2017. *Cogumelos nas Terras de Miranda: aproveitamento sustentábel*. Lisboa. Âncora Editora (en portugués).
- CASTRO, M., JUSTO, A. & LORENZO, P. 2010. *Os 50 cogomelos máis comúns*. A Coruña. Baía Edicións. Tamén en castelán e catalán.
- CASTRO, M., JUSTO, A., LORENZO, P. & SOLIÑO, A. 2005. *Guía micolóxica dos ecosistemas galegos*. A Coruña. Baía Edicións.
- COURTECUISE, R. & DUHEM, B. 2005. *Guía de los hongos de la Península Ibérica, Europa y Norte de África*. Barcelona. Omega. Guía con debuxos bastante claros de todas as especies, moi completa.
- DE LA PEÑA LASTRA, S. 2016. *Guía micológica de Cortegada*. Edita o autor (non inclúe descripciones, só fotos).
- DELGADO, M.A. 2014. *Atlas Micológico de la Península de O Grove*. Edita o autor. Non recomendada, con erros.
- ESTEVE-RAVENTÓS, F., LLISTOSELA VIDAL, J. & ORTEGA DÍAZ, A. 2007. *Setas de la Península Ibérica e Islas Baleares*. Madrid. Ediciones Jaguar. Descricións e discusións moi completas.
- GARCÍA BLANCO, A. & SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, J.A. 2009. *Setas de la Península Ibérica y de Europa*. León. Everest & Irma S.L.
- GARCÍA-ECHAVE PUENTE, C. 2009. *Guía de setas de Burela y A Mariña*. Burela (Lugo). Concello de Burela (2ª edición corrixida en preparación).
- GERHARDT, E., VILA, J. & LLIMONA, X. 2000. *Hongos de España y Europa*. Barcelona. Ediciones Omega. Descricións e discusións moi completas.

- INDEX FUNGORUM PARTNERSHIP. 2018. Nomenclatural database of fungi In www.indexfungorum.org/names/names.asp [consultado 30/11/2018]. Base de datos coa nomenclatura fúnxica actualizada.
- LLAMAS FRADE, B. & TERRÓN ALFONSO, A. 2009. *Guía de hongos de la Península Ibérica*. León. Celarayn Editorial.
- MARCOTE, J.M. 2010. *Guía de cogomelos dunares do litoral atlántico*. Vilaboa (Pontevedra). Edicións do Cumio.
- MARCOTE, J.M.C., POSE, M. & TRABA, J.M. 2008. *Cogomelos de Galicia*. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia (esgotado).
- MARCOTE, J.M.C., POSE, M. & TRABA, J.M. 2011: *500 setas del litoral atlántico y noroeste peninsular*. Ponte Caldelas (Pontevedra). Edicións do Cumio. Tamén existe en castelán..
- MARCOTE, J.M.C., POSE, M. & TRABA, J.M. 2013. *Cogomelos de Galicia y noroeste peninsular*. Ponte Caldelas (Pontevedra). Edicións do Cumio. Tamén en castelán, edición anterior publicada pola Xunta Galicia como *Setas de Galicia* (galego e castelán).
- MÍNGUEZ ABAJO, A. & MÍNGUEZ GONZÁLEZ, R: 2000. *Cogomelos máis frecuentes nas terras de Celanova e Baixa Limia*. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.
- MÍNGUEZ ABAJO, R. & MÍNGUEZ GONZÁLEZ, A. 2010. *Nove ducias de cogomelos de Ourense*. Ourense. Deputación Provincial.
- MÍNGUEZ, A. 2014. *En el país de las setas: un reino de virtudes desconocidas*. Santiago de Compostela. Auga Editora. Non recomendada, con erros.
- MORENO, G. & MANJÓN, J.L. 2010. *Guía de hongos de la Península Ibérica*. Barcelona. Ediciones Omega. Descricións e discusións moi completas.
- REQUEJO, O. 2010. *Guía micolóxica do río Caselas*. Salceda de Caselas (Pontevedra). Concello de Salceda de Caselas (esgotado).